

## **ADMISIÓN DE ALUMNADO**

*Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

**PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA O ALUMNADO DE NOVA  
INCORPORACIÓN AO CENTRO  
do 1 ao 20 de marzo, ambos os dous inclusive**

1. O alumnado que queira incorporarse ao centro deberá cumprimentar a SOLICITUDE (ANEXO II) de xeito manual ou a través da aplicación “*admisionalumnado*” (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) e presentala na EEI DE COIRÓS ou a través da SEDE ELECTRÓNICA.
2. O DOCUMENTO PARA A SOLICITUDE DE ADMISIÓN (ANEXO II) será facilitado pola EEI de Coirós, e estará dispoñible tamén:
  - .Na sede electrónica da Xunta de Galicia, na dirección <https://sede.xunta.gal/portada>
  - .Na aplicación “*admisionalumnado*” <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/> e
  - .Na web da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/26923>
3. Na propia solicitude, poderase autorizar a consulta dos seguintes documentos:
  - . DNI ou NIE da persoa solicitante ou representante.
  - . Domicilio fiscal e declaración do imposto sobre a renda.
  - . Título de familia numerosa.
  - . Certificado de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia.
4. Xunto coa solicitude de admisión deberán entregar a seguinte documentación:
  - . **Documento de autorización de matrícula asinado polo pai e nai ou titores legais.**
  - . **Certificado de padrón**, onde figuren todos os membros da unidade familiar cunha antigüidade mínima dun ano.
  - . **Fotocopia do DNI do alumno/a ou do libro de familia.**
    - . Se é o caso, solicitude de transporte escolar.
    - . Se é o caso, certificación laboral da empresa do pai e da nai ou titores legais.
    - . Se é o caso, orixinal e copia, da certificación de custodia, da sentenza ou do convenio regulador.
    - . Se é o caso, credencial de situación de violencia de xénero.
    - . Se é o caso, credencial da condición de familia monoparental.

- . Se non se autorizou a consulta na solicitude, DNI ou NIE da persoa solicitante ou representante.
- . Se non se autorizou a consulta na solicitude, acreditación de domicilio fiscal e declaración do imposto sobre a renda.
- . Se non se autorizou a consulta na solicitude, credencial da condición de familia numerosa.
- . Se non se autorizou a consulta na solicitude, certificación de discapacidade no alumno/a, ou no seu pai, nai ou titor/a legal ou nalgún irmán.

5. Cada solicitante só poderá **entregar unha única solicitude, no centro que se solicita en primeiro lugar.**

6. O alumnado con necesidades educativas específicas achegará a documentación que acredite esta petición, derivada de discapacidade física, psíquica ou sensorial, de sobredotación ou de trastornos graves de conduta.

7. O solicitante poderá demandar que se teña en conta o domicilio familiar ou o lugar de traballo, neste caso, xunto coa solicitude de admisión, deberá achegar unha certificación da empresa.

8. A cantidade da **Renda anual per cápita** da unidade familiar (no Anexo II) será a suma das que figuran nas casiñas de base impositiva xeral e de base impositiva do aforro da declaración do **IRPF do exercicio 2021**, dividida entre o **número de membros actuais da familia.**

9. O criterio complementario aprobado pola EEI de Coirós será **Domicilio familiar ou laboral das/dos nais/páis ou titoras/titores situado dentro da área de influencia do centro solicitado en primeiro lugar.**

10. O alumnado procedente doutro centro deberá achegar o correspondente certificado de matrícula e remitirá copia da súa solicitude ao centro de orixe.

11. O servizo de comedor dependerá do Concello de Coirós. Tramitarase directamente con esta administración.

Coirós, 28 de febreiro de 2023.

**O alumnado admitido deberá formalizar a matrícula do 20 ao 30 de xuño de 2023.**